

PROGRAMACIÓN INGLÉS 3 E.S.O – CURSO 2020 / 2021

PROFESORA QUE IMPARTE A MATERIA: BELÉN VÁZQUEZ ÁLVAREZ

1) ÍNDICE.....	2
2) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
3) OBXECTIVOS XERAIS DA ESO.....	3
4) CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	5
5) OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	5
5.1. METODOLOXÍA DE TRABALLO NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.....	23
5.2. MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.....	24
5.3. MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMIENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.....	24
6) METODOLOXÍA.....	25
7) TEMPORALIZACIÓN.....	27
7.1 Contidos non dados no curso anterior.....	27
8) COMPETENCIAS CLAVE.....	43
9) PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	50
10) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	52
10.1 CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.....	53
10.2 CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES EN CASO DE CONFINAMENTO.....	54
11) PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	54
12) MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	55
13) ALUMNADO CON CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS E.S.O.....	56
14) PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	56
15) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.	57
16) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	57
17) ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	58
18) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	58
19) MÍNIMOS ESIXIBLES E ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN.....	58
20) PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNO REPETIDOR.....	59
21) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	59
22) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	59
23) ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	60
24) MECANISMOS DE REVISÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E A PRÁCTICA DOCENTE.....	61

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

ENTORNO XEOGRÁFICO, SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL

O instituto está situado en Monte Porreiro, unha urbanización de Pontevedra de uns 7.000 habitantes. O recente desta urbanización e o feito de posuír un elevado número de vivendas de promoción pública explica en parte o escaso arraigo da súa poboación. Esta é máis nova ca a media do concello e conta cun elevado número de familias monoparentais, unha presenza relevante de poboación de etnia xitana e un número crecente de inmigrantes (marroquís, latinoamericanos e do Este de Europa). O nivel de estudos é moi baixo e a taxa de paro é maior ca a media co concello. Sen embargo, a taxa de actividade entre a xente nova de entre 16 e 24 anos é superior á media debido o abandono temperán dos estudos.

CARACTERÍSTICAS E DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

Este contexto socio-cultural explica en parte o feito de que o noso alumnado de secundaria estea pouco motivado e teña pouco interese pola cultura e os estudos. Moitos carecen de hábitos de traballo e teñen dificultades na aprendizaxe das materias instrumentais. Tratamos de paliar esta situación con reforzos educativos e unha ampla oferta de actividades complementarias e extraescolares. Neste sentido, ten sido fundamental a posta en marcha do programa PROA, os Contratos-Programa e a participación na rede de Escolas asociadas á UNESCO.

Neste curso hai tres grupos de terceiro da E.S.O. cun total de 62 alumnos, nos que hai 5 repetidores e ningún con inglés pendente de Segundo da E.S.O.

3.CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTIDOS, OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECIÓN.

OBXECTIVOS XERAIS E.S.O.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a

solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia, propias e alleas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Esta materia non contribúe na mesma medida á consecución de todos eles. Contribúe sobre todo á consecución dos obxectivos i), a), c), d), b), e), g) e j).

4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A incorporación de competencias clave ao Currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideren imprescindíbeis. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. A inclusión das competencias clave ten varias finalidades: integrar as diferentes aprendizaxes relacionar a aprendizaxe con distintos tipos de contidos e utilízalos de xeito efectivo cando resulten necesarios. orientar o ensino para tomar decisións relativas ao proceso do ensino e da aprendizaxe.

As competencias clave no sistema educativo español son as seguintes:

Comunicación lingüística
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
Competencia dixital
Aprender a aprender
Competencias sociais e cívicas
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
Conciencia e expresións culturais

Estas competencias traballaranse en todas as unidades a través do material didáctico.

A continuación, inclúese un modelo de cadro, a modo de rúbrica, para poder avaliar as competencias que se adquiriron ao longo do curso. Cada competencia desagregouse en distintos indicadores, que permitirán unha avaliación moito máis detallada. Os instrumentos para avaliar que figuran son os máis xerais e cada profesor pode adaptalos aos seus grupos concretos. No apartado para indicar a cualificación, as abreviaturas corresponden a: IN (Insuficiente); SU (Suficiente); BE (Ben); NT (Notábel); SB (Sobresaínte).

5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Os contidos da lingua estranxeira de inglés están organizados en cinco bloques. Aqueles contidos e actividades correspondentes ós catro primeiros bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos e produción de textos escritos) traballaranse dun xeito continuo, nos tres trimestres e en todas as unidades didácticas previstas. Aqueles correspondentes ó quinto bloque (a competencia comunicativa) son acumulativos: íranse introducindo de xeito secuenciado e o alumno deberá incorporalos na súa fala e na súa escrita reutilizándoos ó longo do curso e incluso en cursos posteriores.

Os contidos de este curso, os seus criterios de avaliación, os seus estándares de aprendizaxe e a súa relación coas competencias clave queda reflexado no seguinte cadro:

a)

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais			
A c d i	<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (información básica sobre algunha materia do currículo, temas do seu interese ou ocupacionais propios da súa idade e do seu nivel escolar), pronunciadas con lentitude e</p>	<p>PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo). PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no</p>	<p>claridade.</p> <p>B1.3. Comprender os puntos principais e información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e</p>	<p>de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo)</p> <p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e que se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas claras e pausadas que teñen lugar na súa presenza, nas que se describan, narren ou se dean opinións sobre temas habituais para a súa idade eo seu nivel escolar, sempre que poida pedir información.</p> <p>B1.6. Comprender preguntas, solicitude de informacións e cambios moi evidentes de tema en situacións comunicativas cara a cara en que se lle pregunte sobre asuntos básicos e coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>B1.7. Comprender o sentido</p>	<p>de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>PLEB.1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou</p>	

Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		xeral e a información específica sinxela de programas de televisión, tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén cun apoio de imaxes moi redundantes.	entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.	

	Bloque 2. Produción de textos orais			
A c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. <p>Execución:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Concepción da mensaxe 	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <p>B2. 2. Manexar frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de xeito</p>	<p>PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervé na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

<p>con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta dela) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos disponibles.</p>	<p>suficiente e comprensible en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a comunicación en situacións menos comúns.</p>	<p>estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	
	<p>B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grandemedia da actuación da persoa interlocutora.</p> <p>B2.4. Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
		<p>PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

<ul style="list-style-type: none"> - Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. - Petición de axuda ou clarificación. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. - Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. - Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como 	<p>formular o que din.</p> <p>B2.5. Participar en conversas básicas sobre temas predicibles e con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, reaccionar perante invitacións e propostas), e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p>B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.</p>	<p>cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p> <p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <p>PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
---	--	--	--

	<p>substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p> <p>B2.4. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p>		<p>prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	
--	---	--	---	--

	Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
A c d	<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información</p>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de</p>	<p>PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de</p>	<p>CCL CAA CSC</p>

e i	<p>previa sobre o tipo de tarefa e tema.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</p> <p>Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo), adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para</p>	<p>elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñece, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou</p>	<p>máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p> <p>PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario derevistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional.</p> <p>PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.</p> <p>PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
--------	---	---	---	--

lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.	neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.	temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	CD
	B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL CAA CSC CCEC CD
	B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas relativas aos seus intereses nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar.	PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou	CCL CAA CSC CCEC CD
	B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña		

		argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.	unha compra por internet).	
			PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.	CCL CAA CSC CCEC

	Bloque 4. Producción de textos orais: expresión e interacción			
A c d i	B4.1. Estratexias de produción: Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).	B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de	PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.	CCL CAA CSC CCEC

	<p>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Execución:</p> <p>– Elaboración dun borrador.</p> <p>– Estruturación do contido do texto.</p> <p>– Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p>	<p>puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p> <p>B4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto).</p> <p>B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes).</p> <p>B4.4. Escribir, en soporte impreso ou nas redes sociais, textos sinxelos e breves (notas, cartas persoais, postais, felicitacións, etc.), que conteñan información persoal ou relativa á vida cotiá, de</p>	<p>PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.</p> <p>PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).</p> <p>PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
--	---	--	--	---

	<p>– Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva. <p>B4.2. Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.</p>	<p>primeira necesidade ou do seu interese, a partir de modelos previos, usando as fórmulas básicas de saúdo e despedida propias do soporte utilizado, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións ben estruturadas e cunha orde lóxica.</p> <p>B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.</p> <p>PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
--	---	--	--	--

			plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	
			PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	CCL CAA CSC CCEC CD

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

a c d i o	B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos básicos. Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.	B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.	CCL CAA CSC CCEC
	B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.	B5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.	PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.	CCL CAA CSC CCEC
	B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións	B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.	PLEB5.3. Utiliza as convencións máis	CCL

<p>sociais e normas de cortesía dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Recoñecemento da realidade</p>	<p>B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos</p>	<p>habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.</p>	<p>CAA CSC CCEC</p>
	<p>B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos</p>	<p>PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
	<p>B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p>	<p>PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
	<p>B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas</p>	<p>PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

<p>multilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p>	<p>máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).</p> <p>B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar</p>	<p>reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.</p>	
		<p>PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
	<p>B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar</p>	<p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e</p>	<p>CCL CAA</p>

<p>Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas,</p>	<p>información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.</p> <p>B5.9. Reformular o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.</p> <p>B5.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CSC CCEC CD</p>
--	---	--	----------------------------

<p>preguntas por preferencias e expresión de opinións</p> <p>Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.</p> <p>B5.8. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
---	--	--	--

5.1. METODOLOXÍA DE TRABALLO NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

5.1.1. Alumnado con acceso dixital

No caso de que sexa necesario continuar co ensino a distancia por mor dun gromo causado pola COVID-19, seguiremos a docencia a través do curso creado para tales efectos na aula virtual do instituto. Empregaremos a aula virtual como medio de contacto co alumnado para asignar tarefas e que estes as envíen. Poderán empregar tamén, se así o desexan, o correo electrónico para aclaración de dúbidas ou outras consultas. As familias serán informadas preferentemente por medio da aplicación Abalar de calquera aspecto relevante relativo á evolución académica do seu fillo/a.

En canto á organización do traballo, na aula virtual porase o plan de traballo para cada semana. Ademais, para cada unidade didáctica haberá videos ou presentacións dixitais sobre aqueles aspectos que sexan obxecto de estudo xunto con tarefas específicas para practicalos. A súa vez, aseguraremos a continuación do plan de traballo proposto nesta programación mediante a realización das tarefas do libro de texto na súa versión interactiva, e máis do Workbook que terán previamente descargada e coñecerán dende o comezo do curso. Esta versión permite ao alumnado facer estas tarefas, proporcionándolles as solucións e ao mesmo tempo a profesora ten acceso a este traballo para poder facer as correccións ou aclaracións oportunas.

A realización de exames será presencial sempre e cando sexa posible. De non ser así, faráanse de xeito telemático mediante a aula virtual. Acordarase unha data e hora para a realización da mesma e procurarase vixiar a proba empregando a cámara web da aplicación Cisco Webex. Só se mudará a data dunha proba por unha causa médica xustificada.

No caso de que todo un trimestre ou a meriande parte do mesmo teña que facerse a distancia podemos atopar tres escenarios distintos:

a. Que xa se tivera feita algunha proba durante ese trimestre. Nese caso, a nota dese trimestre será o resultado das cualificacións obtidas nesas probas. O 10% correspondente ao traballo de clase será substituído e/ou complementado polas tarefas propostas na aula virtual e no libro dixital.

b. Que non se fixera ningunha proba durante ese trimestre e o alumnado teña acceso a medios dixitais.

Nese caso seguiranse mantendo as mesmas porcentaxes para as distintas partes mediante que se farán a distancia por medio da Aula Virtual e Cisco Webex.

Actividades de lingua	Xuño
Escoita	10 %
Fala	15 %
Lectura	15 %
Escritura	15 %
Uso da Lingua Gramática Vocabulario	35 %
Traballo Persoal	10 %

c. Que non se fixera ningunha proba durante ese trimestre e o alumnado non teña acceso a medios dixitais.

Aqueles alumnos que non teñen posibilidade de facer probas dixitais por falta de acceso ás novas tecnoloxías serán valorados segundo os seguintes criterios:

Traballo persoal: 60%

Proba oral: 40%

Uso da lingua 20% (Por exemplo, traducción de oracións, preguntas de verdadeiro ou falso ou

opción múltiple sobre aspectos léxicos ou gramaticais)

Speaking 10% (Por exemplo, lectura dun texto, monólogo sobre un tema previamente acordado ou proposto pola profesora no momento)

Listening 10% (Por exemplo, dar resposta ás preguntas feitas pola profesora ou sobre un texto reproducido por medios mecánicos ou lido pola profesora)

A tarefa de speaking (fala) farase por medio dunha chamada telefónica e o alumnado será informado previamente do contido da proba que incluírá sempre aqueles aspectos traballados previamente. As distintas partes desta proba poderán facerse nun mesmo día ou en días diferentes.

5.2. MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.

O ideal para seguir a ensinanza telemática sería que o alumnado contase cun ordenador e unha boa conexión a internet xa que empregaremos a Aula Virtual e o libro dixital como plataforma e ferramenta de ensino-aprendizaxe. Con todo, é posible que non todo o alumnado conte con estes medios. De ser o caso, imos diferenciar dúas situacións posibles:

5.2.1. Alumnado con acceso a un teléfono móvil ou tableta con datos

Pode darse o caso de alumnado que non dispoña de ordenador ou unha conexión a internet suficiente para seguir o curso de xeito telemático. Neste suposto, porémonos en contacto con eles por correo electrónico ou teléfono se non dispoñeran de correo electrónico para enviarlles o plan de traballo. Polo que observamos durante o período de confinamento no pasado curso escolar, practicamente todo o alumnado ten un móvil con datos, seu ou dos seus proxenitores ou titores. Isto permitiríanos, en último caso, enviarlles unha mensaxe ou whatsapp aclarando dúbidas ou con explicacións escritas, faladas ou por video. Este alumnado faría o mesmo traballo que o resto pero no seu caderno, enviado escaneado en formato PDF seguindo as explicacións do libro de texto e as que se lle poidan enviar por teléfono ou ao correo electrónico. Do mesmo xeito, este alumnado recibirá as tarefas corrixidas por estes mesmos medios.

5.2.2. Alumnado sen acceso a un teléfono móvil ou tableta con datos

Poñéndonos no caso de que algún alumno non teña ningún dos medios previamente descritos, empregaríamos as chamadas telefónicas aos pais/titores para informarlles do plan de traballo a realizar seguindo as explicacións do libro de texto e farían ese traballo nos seus cadernos. Se falamos dun confinamento parcial, dun grupo ou varios grupos do centro, mais o centro educativo continúa aberto, algún familiar deberá entregar o caderno ao centro ao final da semana de xeito quincenal para a súa corrección e devolución do mesmo despois dun tempo prudencial xa que o material debe estar un par de días en corentena para evitar un posible contaxio por parte da profesora. Deste xeito, teremos información da evolución do alumno e poderemos axudar a planificar as actuacións a seguir para darlle o apoio necesario para que acade os obxectivos propostos.

5.3. MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMIENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.

Para o seguimento continuo do curso, as profesoras empregarán a observación diaria na clase rexistrando a activade dos alumnos nos seus cadernos así como a información recadada no resto de probas. Cando esta observación non sexa posible por estar gardando cuarentena ou confinados por mor dun abrocho, o seguimento se fará igualmente co envío de tarefas na aula virtual, a revisión do traballo do alumnado na versión dixital do libro de texto e as mensaxes escritas ou chamadas telefónicas ao alumnado que non dispoña de medios para seguir a actividade a distancia.

Por medio de estes mecanismos, aseguraremos de que o alumnado é quen de continuar co

traballo proposto de xeito satisfactorio e se non é así, permitíranos tamén adoptar as medidas oportunas, como mudar o plan de traballo, o tipo de tarefas propostas ou a metodoloxía empregada para asegurar o logro destas aprendizaxes.

A cualificación FINAL en xuño obterase aplicando as seguintes porcentaxes á nota de cada avaliación:

1ª avaliación: 20% 2ª avaliación: 30% 3ª avaliación: 50%

Considerase que o alumno que acade un cinco na terceira avaliación superará a materia por ser avaliación continua. Do mesmo xeito, o alumnado que non acade un cinco na terceira avaliación suspenderá esta materia e deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro.

6. METODOLOXÍA:

A finalidade do estudo do inglés na educación formal é que os alumnos sexan capaces de se comunicar nesa lingua e de se desenvolver en contextos informativos en inglés e en contextos nos que o inglés é a lingua de comunicación.

Conseguir comunicarnos é unha das prioridades que debemos ter presente no ensino dunha lingua estranxeira; o seu maior ou menor grado de utilización na aula dependerá do nivel no que se atope o alumnado, pero non debemos esquecer que a aprendizaxe da gramática non é un fin en si mesmo, senón un medio para conseguir a comunicación en tódalas súas facetas. E no noso entorno ten moita importancia xa que estes alumnos viven nun porto moi activo onde é moi probable que cheguen ter ocasión de comunicarse con profesionais da pesca e do transporte (como se da o caso todos os anos) doutros países...)

A aprendizaxe debe ser significativa e autoestruturante, é dicir, o alumnado debería ser capaz de utilizar aquilo que xa coñece para acceder ó descoñecido, e, por outra parte, comprometerse, implicarse no proceso. O profesor debe usar a lingua-meta e insistir aos seus estudantes para que a usen fornecendo o vocabulario e as correccións precisas de xeito que non interrompa en exceso.

Non hai que esquecer que o estudante se atopa nestes momentos nun período moi difícil e moi activo, buscando constantemente novos valores. Toda esa enerxía, ese caudal de actividade, é o que temos que tratar de aproveitar, encouzar, considerando o Corpo de estudantes coma un grupo, pero sen deixar de atender a súa individualidade, as súas necesidades particulares.

Así mesmo, débese prestar unha especial atención á diversidade do grupo, tema que trataremos máis detalladamente noutro apartado.

Considerando todo o anterior, teremos que estimular a súa creatividade e liberdade; animarlles a que fagan preguntas cunha metodoloxía activa, variada, subliñando o aspecto lúdico da aprendizaxe. Esta debe ser contínua, permanente, tanto para adquirir novas técnicas e destrezas coma para consolidar as xa coñecidas.

É beneficioso que o alumnado se sinta motivado con actividades creativas, participativas, de aplicación práctica, enfocadas a aspectos tanto da vida cotiá como a aplicacións profesionais que no futuro se lles poidan plantexar. O profesor deberá animar os estudantes a escribir en inglés e deberá recoller e devolver corrixidos aqueles textos redactados en inglés dentro da dispoñibilidade temporal do profesor.

Pero como ben sabemos os profesionais do ensino, o traballar nun marco de estreitas e profundas interaccións humanas, fai difícil prever con exactitude o logro ou fracaso dos obxectivos propostos.

Na ESO a materia de Inglés busca profundizar dentro dos coñecementos xa adquiridos durante a Educación Primaria. Igualmente, pretende favorecer as competencias que permitan ao alumnado comprender os procesos que dan lugar aos cambios históricos e a realidade do mundo actual. Para responder a estes retos se propoñe unha metodoloxía focalizada no desenvolvemento das competencias clave:

- Traballo e actualización dos coñecementos previos.
- Organización e exposición dos contidos seguindo unha secuencia lóxica e con rigor científico, con exemplos cotiás, actividades prácticas e experienciáis en soporte gráfico.

7. TEMPORALIZACIÓN

7.1 Contidos non dados no curso anterior.

Á hora da temporalización dos contidos hai que ter en conta aqueles contidos gramaticais que por causa da pandemia non se puideron dar o curso pasado; en concreto déronse as seis primeiras leccións. Dadas as características da materia, estes contidos serán tratados no curso actual xa que se repiten ao longo das unidades do curso.

ESPACIO	TEMPO: 3 horas semanais
<ul style="list-style-type: none"> Aula Adaptable según as necesidades da actividade (utilización do encerado dixital, traballo en grupo etc.) Espazos exteriores Especialmente indicados para o traballo autónomo (bibliotecas, casa e salas de estudio) 	

CONTIDOS, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

Bloque 1. Comprensión de textos orais		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.) Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios de comprensión de documentos audiovisuais. Exercicios de comprensión de documentos sonoros gravados: multiple choice dialogue, weather forecast monologue, yes/no statements dialogue, note-taking announcement, answering questions. Uso do inglés como lingua de comunicación na aula: comprensión das explicacións e instrucións do profesor. 	De xeito continuado durante todo o curso.

Bloque 2. Producción de textos orais		
Contidos	Actividades	Temporalización

<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participación en “role plays” e pequenos sketches teatrais. - Participación en conversas de distinto tipo: descripcións, presentacións, expresar opinións, tomar 	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>
--	---	--

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. ▪ Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. ▪ Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e ás formulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. ▪ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ▪ Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. <ul style="list-style-type: none"> a) Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou reformulación dun termo ou expresión. - Uso da lingua materna ou “estranxeirización” de palabras da lingua meta. - Petición de axuda. 	<p>decisións, realización de enquisas, entrevistas, debates, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de exposicións. - Presentación oral de traballos. - Uso do inglés como lingua de comunicación na aula. 	
--	--	--

<p>b) Paralingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo. <p>B2.2. Actitude de respecto cara ós demais para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresión da dor, conversa telefónica, compravenda e outras igualmente cotiás e básicas.</p>		
--	--	--

Bloque 3. Comprensión de textos escritos		
Contidos	Actividades	Temporalización
<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e 	<p>Exercicios de comprensión e análise de textos escritos de distintos tipos: multiple choice, answer questions, completar frases, prediccións, emprego de dicionarios, fragmentos literarios, páxinas web, blogs, folletos turísticos, textos xornalísticos, etc.</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>

paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.		
---	--	--

Bloque 4. Producción de textos escritos		
Contidos	Actividades	Temporalización
B4.1. Estratexias de produción: - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) ▪ Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.) ▪ Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. ▪ Estruturación do contido do texto. ▪ Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. ▪ Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. ▪ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ▪ Recurso aos coñecementos previos. - Revisión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación de problemas, erros e repeticións. ▪ Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. ▪ Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) ▪ Reescritura definitiva. 	<ul style="list-style-type: none"> - Creación de textos escritos a partir de modelos analizados previamente. - Redacción de textos escritos a partir dun guión, borrador ou esquema. - Creación libre ou semilibre de textos escritos. - Exercicios guiados de expresión escrita: completar frases ou textos, modificar ou reformular frases, etc. 	De xeito continuado durante todo o curso.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe.	
Contidos temporalizados	Actividades
<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>1º trimestre:</u> <ul style="list-style-type: none"> – Pronuncia correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. – Articulación dos sons vocálicos de especial dificultade: a nasalización e a labialización. – Pronuncia do final das palabras. ▪ <u>2º trimestre:</u> <ul style="list-style-type: none"> – Pronuncia correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. – Sons e fonemas consonánticos. ▪ <u>3º trimestre:</u> <ul style="list-style-type: none"> – Pronuncia correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura en voz alta. - Exercicios de identificación, discriminación e clasificación. - Exercicios de reprodución. - Trabalinguas.
<p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>De xeito continuado durante todo o curso:</u> <ul style="list-style-type: none"> – Ortografía correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. – Uso adecuado dos signos de puntuación: coma, punto, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses, comiñas e guións. 	<p>Exercicios de ortografía.</p>
<p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>1º trimestre:</u> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira (uso de fórmulas de cortesía axeitadas: saúdos, despedidas, agradecementos, etc.) – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: festas e manifestacións culturais máis significativas nos países anglosaxones. – Identificación de similitudes e diferenzas elementais e significativas nos costumes cotiás entre os países anglosaxones e o noso: horarios, actividades de lecer, comidas. – Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa. ▪ <u>2º trimestre:</u> 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer aspectos socioculturais en distintos tipos de documentos: documentais, folletos, conversas, etc. - Busca de información sobre diversos temas culturais. - Realización de exposicións sobre aspectos culturais dos países anglosaxones. - Producir textos orais e escritos que teñan en conta os factores socioculturais.

<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: personaxes célebres, algunhas nocións básicas sobre a historia do país. - Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa. <ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>3º trimestre:</u> - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: festas e manifestacións culturais máis significativas nos países anglosaxones, personaxes célebres, características do territorio, tradicións, produtos típicos, lugares e monumentos emblemáticos destes países, algunhas nocións básicas sobre a historia dos países. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e significativas nos costumes cotiáns entre os países anglosaxones e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á nosa. 	
<p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>De xeito continuado durante todo o curso:</u> - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñecen para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos colaborativos nos que se utilizan varias linguas e no que se traballan contidos transversais coma a igualdade entre homes e mulleres, a defensa do medio ambiente e a conservación e promoción do patrimonio cultural. 	<p>- Realización dun proxecto.</p>
<p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>1º trimestre:</u> Repaso dos contidos tratados no primeiro ciclo, prestando especial atención ós seguintes: <ul style="list-style-type: none"> - Presentación e descrición de persoas. - Descrición de lugares: a vivenda, a cidade, o colexio. - Situacións da vida cotiá: saúdos, situacións de compra-venda, quedar con amigos, ir ó restaurante, explicar un itinerario, falar do tempo... - Narración de feitos da vida cotiá relacionados co colexio, coa familia, coas actividades de lecer e coas rutinas diarias. - Expresión de gustos e preferencias. - Correspondencia informal: cartas ou mails a amigos e familiares. - Documentos informativos de diverso tipo: guías, folletos, menús, receitas, horarios, anuncios, etc. ▪ <u>2º trimestre:</u> - O relato de feitos pasados: biografías, recordos infantís, anécdotas... - A descrición das circunstancias dun feito pasado. Descrición de situacións e costumes do pasado. 	<p>Role plays.</p> <p>Lectura e análise de documentos escritos, orais e audiovisuais.</p> <p>Exposicións orais.</p> <p>Redacción de diversos tipos de documentos: descricións, relatos, folletos informativos, regulamentos, correspondencia, un programa de viaxe, etc.</p>

<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de sentimentos: amor, felicidade, nostalxia. - Descrición de obxectos electrónicos, tecnoloxía,internet. - Expresión sobre métodos de cociñar, enfermidades,deportes extremos. ▪ <u>3º trimestre:</u> - Información sobre arte, eventos culturais e os medios de comunicación. - Descrición de problemas globáis: sociáis, medioambientáis, nas cidades, animais en perigo, etc. - Petición e ofrecemento de consellos e instrucións. - Expresión de obrigas, prohibicións, autorizacións e necesidades. - Expresión de proxectos, intencións e sucesos futuros. - Organización e estrutura do discurso en distintos tipos de textos orais e escritos: exposicións orais, folletos informativos, descricións, guías, regulamentos e instrucións, páxinas web, reportaxes. 	
<p>B5.6. Léxico básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>1º trimestre:</u> Repaso dos contidos tratados no primeiro ciclo, prestando especial atención ós seguintes: - A descrición de personaxes: físico, carácter e vestimenta. O corpo. - As accións da vida cotiá: rutinas diarias, actividades de lecer, tarefas domésticas, as comidas... - A casa: habitacións e mobles. - A alimentación: comidas e bebidas. - Profesións, nacionalidades e países, estado civís... - O tempo atmosférico. - Os desastres naturais. - Actividades, acontecementos e experiencias vacacionáis. - Os sentimentos. ▪ <u>2º trimestre:</u> - Seguridade e infraccións. - Os sentimentos. - O espacio. - A tecnoloxía. - A alimentación. - A saúde. ▪ <u>3º trimestre:</u> - Problemas sociáis, medioambientáis, etc. - O turismo: aloxamentos, transportes, actividades culturais, atraccións turísticas (monumentos, museos...), etc. - Fórmulas máis frecuentes para expresar prohibicións, consellos, autorizacións e obrigas. 	<p>Elaboración de fichas, glosarios, léxicos temáticos e mapas conceptuais.</p> <p>Xogos memorísticos.</p> <p>Exercicios de léxico: completar frases ou textos, relacionar imaxes con palabras, frases ou textos, etc.</p>
<p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas</p>	<p>Exercicios estruturais:</p>

<ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>1º trimestre:</u> Repaso dos contidos tratados no primeiro ciclo, prestando especial atención ós seguintes: <ul style="list-style-type: none"> - O presente e o pasado simple e contínuo: formación e usos. - As preposicións de tempo e de lugar. - A interrogación e a negación. As Wh- questions. - Os adverbios de frecuencia. - Os pronomes personais e os adxectivos posesivos. - Os sustantivos contables e incontables. - Os comparativos e superlativos. - - O presente perfecto e o presente perfecto contínuo. ▪ <u>2º trimestre:</u> <ul style="list-style-type: none"> - O pasado simple e o pasado perfecto: formación e usos. - O infinitivo e os verbos rematados en -ing. - A orde dos adxectivos. - Os tipos de adverbios. - O futuro: will e going to. O presente simple e o presente contínuo con valor de futuro. - Cláusulas temporáis. - Os condicionáis. - A voz pasiva. - Os pronomes reflexivos e enfáticos. ▪ <u>3º trimestre:</u> <ul style="list-style-type: none"> - Os modáis. - A formación do plural nos sustantivos. - A formación de palabras. - As cláusulas de relativo. - As cláusulas de concesión. - As cláusulas de concesión. - As preguntas retóricas. - O estilo directo e indirecto. 	<p>completar frases ou textos, transformar frases, ordenar palabras para formar frases, etc</p> <p>Exercicios de conjugación.</p> <p>Elaboración de esquemas, resumos e mapas conceptuais.</p>
---	--

4-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E MÍNIMOS ESIXIBLES

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o éxito dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos nesta programación, de acordo co real decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- Continua, xa que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña que se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a

adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.

Bloque 1. Comprensión de textos orais			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo esixible	Instrumentos de avaliación
<p>B1.1- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p> <p>B1.2- Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.3- Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>B1.4- Comprender</p>	<p>PLEB1.1- Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándose ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>PLEB1.2- Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>PLEB1.3- Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por</p>	<p>PLEB1.1- Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándose ás necesidades da tarefa e intentando melloralo: intenta sacar conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; intenta deducir intencións a partir do volume da voz do falante; intenta facer anticipacións do que segue e inferir o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>PLEB1.2- Capta a maior parte da información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>PLEB1.3- Entende a maioría dos puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e nas que</p>	<p>Observación directa na aula.</p> <p>Probas obxectivas de comprensión oral.</p>

<p>transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.</p> <p>B1.5- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p>	<p>exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p>	<p>se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p>	
<p>B1.6- Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e</p>	<p>PLEB1.4- Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>PLEB1.5- Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, non centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	<p>PLEB1.4-Nunha conversa informal na que participa, comprende a maior parte da información de descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>PLEB1.5- Comprende, nunha conversa formal na que participa case todas as preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	<p>Observación directa na aula.</p>

<p>gábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.</p> <p>B1.7- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>PLEB1.6- Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>PLEB1.6- Identifica a maioría das ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade, cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>Probas obxectivas de comprensión oral.</p>
---	---	---	---

Bloque 2. Producción de textos orais			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo esixible	Instrumentos de avaliación
<p>B2.1- Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais</p>	<p>PLEB2.1- Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan</p>	<p>PLEB2.1- Fai presentacións breves e ensaiadas de xeito intelixible, aínda que con algún erro, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde de xeito intelixible aínda que con algún erro a</p>	<p>Exposicións orais na clase.</p>

<p>monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p> <p>B2.3- Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4- Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <p>B2.5- Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	<p>clara e lentamente.</p> <p>PLEB2.2- Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (datos, actividades...) seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se le repita ou repetir o dito.</p> <p>PLEB2.3- Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>PLEB2.4- Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista, achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se</p>	<p>preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p> <p>PLEB2.2- Desenvólvese coa eficacia suficiente na maioría das xestións e transaccións cotiás traballadas na clase, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento) e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>PLEB2.3- Participa coa eficacia suficiente en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p> <p>PLEB2.4- Desenvólvese de maneira simple e suficientemente eficaz, aínda que con algún erro, nunha conversa formal ou entrevista sinxela, achegando información, expresando opinións e reaccionando ante comentarios formulados</p>	<p>Probas de expresión oral: exercicios de interacción (role play).</p>
--	---	---	---

	Ile repitan os puntos clave se o necesita.	de maneira lenta e clara, se pode pedir repeticións.	
--	--	--	--

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo esixible	Instrumentos de avaliación
<p>B3.1- Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>B3.2- Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e</p>	<p>PLEB3.1- Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p> <p>PLEB3.2- Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora) así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).</p> <p>PLEB3.3- Comprende</p>	<p>PLEB3.1- Capta a maior parte do sentido xeral e algún detalle importante de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p> <p>PLEB3.2- Identifica, con axuda da imaxe, a maioría das instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.</p> <p>PLEB3.3- Comprende as ideas xerais e a maioría da información relevante da</p>	<p>Probas obxectivas de comprensión escrita</p>

<p>predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>B3.3- Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p> <p>B3.4- Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>PLEB3.4- Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p> <p>PLEB3.5- Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>PLEB3.4- Entende con algún problema a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo.</p> <p>PLEB3.5- Entende a maior parte da información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	
--	--	--	--

Bloque 4. Producción de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo esixible	Instrumentos de avaliación
<p>B4.1- Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con</p>	<p>PLEB4.1- Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e</p>	<p>PLEB4.1- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social, na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e</p>	<p>Redaccións de diverso tipo (cartas, mails, narracións...) solicitadas ó longo do curso.</p> <p>Probas de expresión</p>

<p>axuda previa na aula.</p> <p>B4.2- Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3- Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4- Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adecuada ó seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans.)</p> <p>PLEB4.2- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa ós seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p> <p>PLEB4.3- Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>PLEB4.4- Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións.</p> <p>PLEB4.2- Completa correctamente a maior parte dos datos requeridos en cuestionarios sinxelos con información persoal básica e relativa ós seus intereses ou ás súas afeccións.</p> <p>PLEB4.3- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, notas e mensaxes onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p> <p>PLEB4.4- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>escrita</p>
---	--	--	----------------

Bloque 5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.			
Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo esixible	Instrumentos

<p>B5.1- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p>	<p>PLEB5.1- Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>PLEB5.1- Produce oralmente con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas traballadas na clase e esfórzase por utilizar correctamente patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de palabras e frases moi básicos.</p>	<p>Probas de expresión oral. Observación directa na clase.</p>
<p>B5.2- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. B5.3- Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. B5.4- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais,</p>	<p>PLEB5.2- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.) e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. PLEB5.3- Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. PLEB5.4- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cons elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa</p>	<p>PLEB5.2- Utiliza adecuadamente a maioría das convencións orais e escritas propias da lingua estranxeira traballadas na clase no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.). PLEB5.3- Nas actividades de aula, pode explicar os puntos principais do proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. PLEB5.4- Participa activa e eficazmente en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados con elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. PLEB5.5- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou</p>	<p>Probas de expresión oral e escrita. Observación directa na clase. Traballos solicitados durante o curso.</p>

<p>evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns sintactico-discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>	<p>plurilingüe. PLEB5.5- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>ligado a situacións de necesidade inmediata da aula utilizando adecuadamente a maior parte das estruturas sintáctico-discursivas e do léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente na clase.</p>	
--	--	--	--

8. COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por Competencias as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. O sentido das competencias na nova redacción da lei diríxese á capacidade para facer algo, á adquisición de destrezas para resolver problemas. Pérdese, así, o sentido integrador das competencias básicas, como desenvolvemento de aprendizaxes que faciliten a realización persoal. É dicir, instrumentalízanse as competencias básicas e dilúese o seu carácter orixinal. Dáse especial relevancia ás competencias lingüística, matemática e ciencias, as que se avalían no PISA.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

Nesta nova lei potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo,

deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal interveñen na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia requiere coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicarlos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

3. Competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente

acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

4. Aprender a aprender(CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

Non todas as competencias citadas anteriormente teñen a súa presenza no currículo desta materia: si que a teñen, sobre todo, a competencia en *comunicación lingüística*, a competencia en *aprender a aprender*, a competencia *dixital*, a conciencia e expresións culturais e as competencias *sociais e cívicas*, sen descartar que as demais tamén poidan ser traballadas

nalgún momento do curso (a de *sentido de iniciativa e espírito emprendedor*, especialmente).

De que forma se logran cada unha das competencias básicas desde esta materia imos expoñer sucintamente os aspectos máis relevantes:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia, xa que todos os seus contidos están orientados á adquisición dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das habilidades comunicativas (orais e escritas), aspectos todos eles que se aplicarán para adquirir coñecementos noutras áreas e que son adquiridos noutras materias do currículo (Lingua castelá e Literatura, Lingua e literatura galega e Primeira Lingua Estranxeira, principalmente, por ter códigos comúns).

COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

O uso da lingua como instrumento de comunicación axudará a que o alumno desenvolva as competencias sociais e cívicas, en canto que lle permitirá poñer en práctica habilidades sociais como a convivencia, o respecto, a tolerancia, etc., froito do seu contacto con realidades diferentes da propia (a inglesa neste caso), non en van a comunicación é un acto eminentemente social mediante o que transmitimos pensamentos, emocións... Aínda que unha das finalidades esenciais desta materia é que o alumno aprenda a lingua inglesa, tamén o é que coñeza e comprenda a cultura, as institucións, a forma de vida, etc., o que converte a lingua nun sistema de comunicación e de coñecemento que lle permite adquirir unha visión plural doutras realidades.

COMPETENCIA DIXITAL

O coñecemento da lingua inglesa amplía a posibilidade, grazas ao emprego das tecnoloxías da información e a comunicación, de obter información nesta lingua e sobre esta lingua. Ademais, estas mesmas tecnoloxías facilitan a comunicación interpersoal, en tempo real, con mozos ingleses, o que redundará positivamente no coñecemento e emprego da mesma lingua (competencia en comunicación lingüística).

Na clase utilizaremos ferramentas informáticas para facer presentacións, vídeos, videoconferencias, etc., ademais de utilizar internet como fonte de recursos de todo tipo, xa que é unha ventá directa ás sociedades e culturas francófonas.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

Esta competencia adquirese, fundamentalmente, cando se achega o alumno ás manifestacións culturais dos países de lingua inglesa e ás creacións artísticas, literarias, etc.,

de autores anglófonos.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

O uso da lingua en contextos determinados fai que o alumno se enfrente a diversas situacións nas que debe analizar e resolver problemas relacionados coas destrezas comunicativas e as habilidades sociais, o que redonda na súa capacidade para actuar reflexiva e autonomamente, con iniciativa e planificación, en grupo...

Anteriormente indicabamos cales son as competencias básicas que recolle o noso sistema educativo, competencias que pola súa propia formulación son, inevitablemente, moi xenéricas. Se queremos que sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, debemos concretalas moito máis, desagregalas, sempre en relación cos demais elementos do currículo. É o que chamamos **subcompetencias**, e que sen pretender chegar a abarcar todas as posibles, si recollen aquelas que maior relación teñen co currículo da materia e maior presenza en todas as materias polo seu carácter interdisciplinar.

Nesta materia, estas **subcompetencias** son as seguintes:

Comunicación lingüística

- Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de xeito competente nas diferentes esferas da actividade social.
- Ser quen de escoitar, falar e conversar en inglés.
- Ser quen de expresarse en inglés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiados a cada situación.
- Saber ler textos en inglés e deste xeito ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
- Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.
- Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do inglés a partir das linguas que xa se coñecen.

Competencia dixital

- Acceder a todo tipo de información que se poida atopar en inglés.
- Empregar o inglés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, en videoconferencias...
- Utilizar as ferramentas informáticas para elaborar traballos, presentacións, vídeos..

Competencias sociais e cívicas

- Utilizar o inglés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.
- Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferencias culturais e de comportamento.
- Intercambiar información persoal en inglés para reforzar a identidade dos interlocutores.
- Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos outros, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as aportacións dos compañeiros e favorecer o feito de aprender de e cos demais.

Conciencia e expresións culturais

- Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron dende distintas áreas à manifestación artística.
- Expresar en inglés opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.
- Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.
- Realizar representacións de simulacións e narracións.

Aprender a aprender

- Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.
- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.
- Ser consciente da importancia da atención, a concentración, a memoria, a comprensión, etc, para afrontar o reto da aprendizaxe.

9.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

O curso divídese en tres avaliacións. En cada unha delas, o profesor avaliará o traballo diario do alumno ó longo do trimestre, a súa participación activa na aula e os distintos exames propiamente ditos da avaliación. Estes exames incluírán, por unha parte, unha proba de “Listening” para avaliar a súa comprensión auditiva; un texto, para avaliar a súa comprensión lectora; un “Writing”, para avaliar a súa capacidade de escribir, un Reading que avaliará a capacidade de interpretación lectora, e un exame de gramática e vocabulario, que avaliará os seus coñecementos sobre os puntos gramaticais explicados nese trimestre.

As probas orais poden ser exposicións de temas, role plays, debates a favor ou en contra dalgún tema suxerido polo profesor, etc. e onde se avaliará tanto a comprensión como a expresión oral.

b) Procedementos na avaliación ordinaria e extraordinaria

- A observación do traballo diario dos/das alumnos/as, anotando as súas intervencións e a calidade das mesmas, valorando a súa participación nos traballos de equipo, os deberes na casa, o esforzo e interese.

- A asistencia a clase e a puntualidade, tendo en conta as faltas de asistencia repetidas e non xustificadas á hora de avaliar.

- As probas orais e escritas. Nas probas orais valorarase a fluidez, a pronunciación, a entoación, e nas probas escritas a capacidade do alumno de expresarse de forma intelixible.

-A análise dos traballos escritos ou expostos pode proporcionar un recurso para valora-la capacidade de organiza-la información, de usa-la terminoloxía con precisión e o seu dominio as técnicas de comunicación, así como a pulcritude na presentación dos traballos.

-A autoavaliación dos alumnos ofrece a posibilidade de xulgar a súa seguridade, a súa autoestima, a súa obxectividade (en grupo e individual)

- A expresión das súas opinións sobre situacións conflitivas e as súas actitudes e comportamentos habituais servirán para avaliar a adquisición dos valores implicados nos temas transversais.

- Interese e constancia no uso do idioma
- O caderno de clase
- As lecturas graduadas.
- O interese polas actividades programadas
- A revisión ou repaso dos contidos

Resumindo, á hora de avaliar terase en conta:

- Nivel inicial do alumnado e a súa progresión da aprendizaxe
- O interese pola materia e o esforzo
- Asistencia regular a clase
- Realización dos deberes
- Esforzo do alumnado por utilizar o inglés
- Respecto ás intervencións dos demais compañeiros e compañeiras
- A capacidade para entender e facerse entender á marxe dos erros gramaticais que poda cometer.
- Intercambios orais: Preguntas e respostas en clase, diálogos, coloquios, debates y postas en común
- En canto á lectura en voz alta valorarase se o alumnado realiza as pausas propias das unidades significativas do discurso e o esforzo por reproducir a pronunciación e entoación propias do idioma inglés.
- Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe do idioma inglés.

Instrumentos:

En canto os instrumentos de avaliación serán variados e incluírán:

- Follas de observación por parte do profesor que indicara o progreso do alumnado.
- Exercicios de control de reading, writing, listening e speaking
- Probas puntuais ou trimestrais escritas e orais, que valorarán tódolos bloques de contidos.
- Cuestionarios.
- Follas de autoavaliación.
- Observación do traballo diario na clase para avaliar as intervencións orais, así como a execución dos exercicios , a corrección dos erros , etc.
- Control das actividades que os/as alumnos/-as deban realizar na súa casa ou na clase.

Como é unha avaliación continua, preténdese que, ó remataren o curso, os alumnos acaden os obxectivos mínimos e obterán unha cualificación positiva si, ademais de cumpriren o anterior, amosan condicións que fagan aconsellable a súa promoción.

10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Co obxectivo de fomentar a constancia no traballo cada profesora poderá controlar as tarefas realizadas polo alumno sempre que o considere necesario, sen previo aviso, para avaliar ao alumnado. A cualificación destes controis formará parte da nota do traballo diario que será valorado segundo se especifica mais adiante.

As probas fixadas en cada avaliación deberán realizarse nas datas previstas, sendo precisa a **xustificación documentada** no caso de ausencia a dita proba. Se fose posible, comunicárase a ausencia con antelación, e de non poder ser así, o/a alumno/a deberá poñerse en contacto coa profesora tan pronto como se incorpore ó centro.

Na terceira avaliación, debido á escaseza de tempo, a xustificación dunha ausencia puntual á exames por imprevistos relevantes ou urxencias poderá facerse sen necesidade de partes médicos pero si con xustificación por escrito.

Dado o carácter progresivo da materia, non se farán exames de recuperación senón que ao obter un resultado positivo na cualificación da seguinte avaliación, automaticamente queda recuperada a anterior.

No que se refire á avaliación e cualificación da destreza ORAL, a profesora decidirá –en función do número de alumnos e das características dos mesmos- se realiza unha proba específica oral ademais de valorar a participación diaria nas actividades orais levadas a cabo na aula.

Contemplamos os seguintes apartados e a súa valoración:

Actividades de lingua	ESO - 1º Bach Xuño %	ESO - 1º Bach Setembro %
Escoita	10 %	20%
Fala	15 %	10%
Lectura	15 %	20 %
Escritura	15 %	20 %
Uso da Lingua Gramática Vocabulario	35 %	30 %
Traballo Persoal	10 %	-----

Dado que unha lingua é un todo integrado, aqueles alumnos que abandonen ou se neguen a traballar unha destreza ou apartado dos mencionados anteriormente perden a posibilidade de que se lles faga nota media entre todas as probas feitas e as anotacións diarias realizadas polas profesoras. Polo tanto, a nota global da avaliación será Insuficiente, isto tamén é válido para a avaliación final de xuño e a extraordinaria de setembro.

Enténdese por abandono dos apartados anteriores o feito de non realizar tarefas ou probas específicas e non acadar en cada unha delas unha cualificación de **Tres sobre DEZ**.

En cada avaliación realizaranse unha ou dúas probas de gramática e vocabulario dependendo ben do tempo dispoñible, ben das preferencias do grupo en función do número de exames doutras materias. Tamén se realizará unha proba conxunta de listening, reading e writing por avaliación.

A **cualificación FINAL en xuño** obtérase aplicando as seguintes porcentaxes á nota de cada avaliación:

1ª avaliación: 20% 2ª avaliación: 30% 3ª avaliación: 50% Considerase que o alumno que acade **un cinco na terceira avaliación** superará a materia por ser avaliación continua. Do mesmo xeito, o alumnado que non acade un cinco na terceira avaliación suspenderá esta materia e deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro.

Así mesmo, se un alumno/a se ausentase a un exame por causa de forza maior (hospitalización, por exemplo) **durante as dúas primeiras avaliacións** e non lle fose posible realizar a proba ou probas antes da reunión de avaliación, será avaliado achando a media das probas que tivese realizado ata ese momento. A avaliación non poderá ser positiva xa que algún dos apartados de avaliación estará por debaixo da nota mínima requirida (3/10), circunstancia que se fará constar no apartado de observacións no boletín de notas. Tras a incorporación dese alumno/a ás clases, facilitaráselle a realización das probas non feitas e o resultado das mesmas configurarán a nova media a ter en conta nesa avaliación para o cálculo da cualificación final na convocatoria de xuño.

Se esa circunstancia se dese **na avaliación final** e fose imposible a realización dalgunha proba, se tería en conta a traxectoria do alumno ao longo do curso e se lle faría a nota media final tendo en conta a porcentaxe da puntuación das probas realizadas e recalculándoa ao 100%.

Setembro:

Tal e como queda reflectido na táboa anterior, na convocatoria de setembro só se terá en conta a nota dos exames. Os contidos mínimos se revisarán no último trimestre no caso de que a materia prevista non poida ser impartida na súa totalidade. Todos os alumnos do mesmo nivel realizarán o mesmo exame independentemente do profesor que lles impartira clase.

10.1 CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Explicaráselles tamén os tres procedementos polos cales poden recuperar a materia pendente:

- A. Dado que a materia segue estando, aínda que pendente, sometida a avaliación continua, aquel alumno que entregue todos os traballos de reforzo e aprobe a 1º e 2ª avaliación do curso actual se lle considerará aprobada a materia do curso anterior.
- B. Aprobando os exames marcados polo centro dentro nos meses de novembro e febreiro e entregando as tarefas propostas pola profesora. En novembro examínanse da metade dos contidos e en febreiro da outra metade. Os exames terán un valor do 80% e as tarefas 20% en cada parte. A media de ambas partes (novembro e febreiro) deberá ser de 5 ou máis para aprobar a materia.
- C. Aquel alumnado que non aprobe a materia pendente por ningunha das dúas vías previamente descritas, deberá presentarse ao exame oficial de maio nas datas marcadas pola dirección do centro e na que a nota do exame suporá o 100% da cualificación.

Aquel alumnado que nin aprobe a materia de 3º nin a de 4º e queira recuperar a de 3º curso deberá presentarse ás probas de SETEMBRO que constarán dos mesmos contidos que en maio e nas que só se terá en conta a nota dos exames.

A valoración das probas será a seguinte:

Actividades de lingua	Maio %	Setembro %
Escoita	20 %	20%
Lectura	20 %	20 %
Escritura	20 %	20 %

Uso da Lingua Gramática e Vocabulario	40 %	40 %
--	------	------

A proba oral de setembro levarase a cabo sempre que esta sexa factible dacordo coa dispoñibilidade de tempo e/ou espazo. De non ser así, a nota do uso da lingua terá un valor do 40%.

10.2 CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES EN CASO DE CONFINAMENTO

En caso de confinamento, as porcentaxes quedarían da seguinte forma:

Actividades de lingua	Maio %	Setembro %
Lectura	20 %	20 %
Escritura	20 %	20 %
Uso da Lingua Gramática Vocabulario	40 %	60 %
Traballo Reforzado	20 %	-----

11. PROCEDIMIENTO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial dos alumnos da ESO levarase a cabo o comezo de cada curso escolar. Avaliarase o seu interese, a súa actitude, o esforzo e a participación activa na aula, ademais do traballo diario, tanto dentro da aula como o que o alumno realiza na casa. A reiterada falta de material, así como a falta de entrega das tarefas asignadas para realizar dentro e fóra da aula terán repercusións negativas na cualificación do alumno.

Serán un conxunto de probas, de carácter obxectivo, que tentarán avaliar o grao de adquisición das competencias básicas. Os exercicios estarán deseñados de xeito que avalíen a súa competencia comunicativa, prestando singular atención a análise das catro destrezas básicas na aprendizaxe dunha lingua, a saber; expresión e comprensión escrita e expresión e comprensión oral. Así mesmo se terán en conta outros procedementos de avaliación como o interese e constancia no uso do idioma, o uso das estratexias de comunicación alternativas.

Os resultados obtidos serán o punto de partida para axeitar as novas aprendizaxes. Durante as primeiras semanas do curso comprobarase o nivel de competencia inicial dos alumnos mediante a realización de actividades que lles permitan recordar e reactivar as competencias adquiridas en cursos anteriores. A análise dos resultados e a observación do comportamento dos alumnos durante as actividades nos permitirá enfocar mellor as clases, insistindo máis naqueles aspectos nos que os alumnos teñan máis carencias e ofrecéndolles

ferramentas e estratexias coas que poder superar as dificultades. Tamén nos permitirá adecuar mellor a metodoloxía e as actividades ós intereses e ós estilos de aprendizaxe dos alumnos.

Por outra banda, tamén se recabará información académica (estudios previos de inglés, materias pendentes, repetición de cursos, etc.) e persoal (situación familiar, necesidades educativas especiais, etc.) que poida afectar ó proceso de ensino/aprendizaxe. Neste sentido, pedirase información ós alumnos, ós profesores de anos anteriores e, de ser necesario, á orientadora do centro e ás familias. Os resultados obtidos serán o punto de partida para axeitar as novas aprendizaxes.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os alumnos e alumnas desta nova etapa escolar tópanse nun período evolutivo no cal prodúcese cambios típicos da adolescencia que van afectar ó seu desenvolvemento global como persoas. Isto repercute directamente na materia, da cal se esperan varios tipos de aprendizaxes por parte dos alumnos, e así mesmo, espéranse tamén varios estilos de ensino por parte dos profesores. Estes deben axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos ou estratexias variados que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presenta o alumnado destas idades.

O profesor solventará o tema da diversidade na aula do mellor xeito posible. Para detectar os distintos niveis de aula, o profesor:

-Deberá facerse unha avaliación inicial para determinar cal debe ser o punto de partida para conseguir unha boa dinámica no proceso de aprendizaxe.

-Traballarase moito a autoestima para acadar unha actitude positiva que axude ó bo desenvolvemento empregaremos outros soportes audiovisuais (DVD ou CD) que os familiaricen mellor coa realidade do inglés.

-A avaliación virá determinada polos factores anteriormente expostos, e terá que ver non só co grao de coñecemento nos contidos senón moi especialmente nas actitudes positivas e dinámicas mostradas cara á materia. As porcentaxes que se aplicarán en canto ós traballos, exames, material, para a determinación da nota final de cada avaliación serán as mesmas para tódolos alumnos.

-Os contidos serán os mínimos esixíbeis en alumnado destas características.

. Os profesores poden determinar as diversas actividades a varios niveis segundo as necesidades da aula. Por iso proporcionarán aos alumnos unha ampla gama de recursos e material complementario para motivar e involucralos, e que permitan que cada un traballe de acordo ao seu ritmo e nivel lingüístico. Isto contribúe a aumentar a confianza dos alumnos máis lentos. Tamén ofrecerá actividades de reforzo para os alumnos con dificultades na aprendizaxe e actividades de ampliación cun nivel máis alto de dificultade para os alumnos máis avanzados, a fin de conseguir unha aprendizaxe adecuada dependendo da diversidade do grupo.

Márcase como obxectivo que todos os alumnos participen no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e teñan o éxito que corresponda á súa capacidade e interese.

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos para este curso, sirva como exemplo a seguinte relación.

ADAPTACIÓN CURRICULAR

- (BÁSICA): Os contidos nucleares da Unidade Didáctica preséntanse de forma pautada, co apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte do alumnado.
- (AMPLIACIÓN): Actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento de outros contidos relacionados cos do curso, etc.

13.ALUMNADO CON CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS E.S.O

O alumnado con características especiais require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos de etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso. Estas adaptacións curriculares, precedidas dunha avaliación das necesidades educativas do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno ou alumna; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

14.PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Como parte da formación integral do alumno, o currículo oficial para a E.S.O. establece a necesidade de incidir en novas actitudes que sexan o suficientemente flexibles para recoller as demandas dunha sociedade plural. Os temas transversais, que poden abordarse desde distintas áreas do currículo, son ensinanzas que consideran non só o plano do saber, se non do como ser e como comportarse en sociedade.

Nos últimos anos, a educación en valores e unha cuestión de debate en moitos foros nacionais e internacionais de ensino. Educación para a convivencia, a tolerancia e a solidariedade, o rexeitamento da violencia e a discriminación de todo tipo, respecto e coidado co ambiente son, entre outros, obxectivos básicos dos currículos de ensino, que na nosa opinión, deben ser abordados desde diferentes áreas. Ademais, a educación en valores cobra especial importancia na aprendizaxe dunha lingua, pola carga cultural que iso implica.

15- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula converteuse nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que os alumnos adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. O centro dispón de dúas pizarras dixitais nas dúas aulas de audiovisuais existentes, e no Departamento tamén contamos con material para traballar coa pizarra dixital a diferentes niveis.

Neste curso de 3º da ESO contamos con:

<i>Libro Dixital Interactivo</i>	Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, enlaces, animacións...
<i>Caderno Dixital Interactivo</i>	Caderno que incorpora recursos multimedia e unha selección de recursos educativos.
<i>Actividades interactivas</i>	O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta, etc. Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros e se lles da a oportunidade de corrixilos.
<i>Enlaces a Internet</i>	Colección de enlaces a Internet de alto interese: <i>applets</i> , simulación de modelos, recursos de cartografía online, explicacións complementarias, actividades, curiosidades, etc.
<i>Vídeos</i>	Colección de fragmentos de vídeos que sirven de soporte a contidos do libro do alumno
<i>Animacións</i>	Favorecen unha maior comprensión dos contidos pola súa visualización.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nos curso da E.S.O, aparte do propio libro de texto, que contén numerosos textos para ler, o Departamento dispón de libros de lectura que pretenden fomentar a lectura expansiva, é dicir , a lectura que utiliza o texto lido para explorar outras áreas de coñecemento. Deste xeito, pódense traballar aspectos lingüísticos e culturais, pero tamén outros interdisciplinares que permitan expandir os horizontes culturais dos alumnos.

Dispoñemos no Departamento dalgunhas lecturas graduadas segundo o Marco Común de Referencia Europeo nas que se presentan diversas actividades léxicas e gramaticais integradas nas actividades de comprensión lectora e outras que se decida realizar tomando o texto lido como punto de partida. Este curso haberá un libro de lectura obrigatoria mediante o que se traballarán todas elas.

Lectura:

- Lectura comprensiva de información.
- Lectura comprensiva de información propia da lingua inglesa.
- Lectura comprensiva de diferentes tipoloxías de textos.
- Lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter ou ampliar información, investigar e acceder a recursos en liña.
- Utilización de estratexias de comprensión lectora:
 - Lectura silenciosa (autorregulación da comprensión).
 - Elaboración de sínteses, esquema, resumen (conciencia da propia comprensión).

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES

No momento de elaboración desta programación pódese valorar a posibilidade de realizar algunha actividade complementaria, coma a asistencia ó teatro ou a proxección dalgunha película en inglés. Sen embargo, este ano a realización de actividades complementarias ou extraescolares verase determinada pola evolución da pandemia causada pola COVID-19.

19. MÍNIMOS ESIXIBLES E ACTIVIDADES DE REFORZO / RECUPERACIÓN.

Promocionarán e adquirirán o aprobado na materia de inglés aqueles alumnos que

acaden as puntuación mínimas esixidas segundo os criterios de cualificación que se expoñen na programación.

20. ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Dado o carácter desta materia, os contidos e temas tratados traballaranse ó longo de todo o curso. Promocionarán e adquirirán o aprobado na materia de inglés aqueles alumnos que acaden as puntuación mínimas esixidas segundo os criterios de cualificación que se expoñen na programación.

21. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNO REPETIDOR.

Medidas de atención para o alumnado repetidor:

No caso de alumnos que xa superaron os obxectivos da materia de inglés pero están repetindo por suspender outras materias, se lles proporán actividades de ampliación, lecturas complementarias adaptadas ao seu nivel e tarefas cun maior grado de complexidade, para que poidan seguir mellorando a súa competencia comunicativa. Aos demais alumnos repetidores aplicaráselles as mesmas medidas ca ós non repetidores.

Medidas de atención para os alumnos de 3º con Inglés de 2º pendente:

O alumnado que pase ao seguinte curso sen superar a materia, deberase matricular da materia pendente do curso anterior. O departamento organizará as consecuentes actividades que lles entregará trimestralmente, coincidindo cos exames de pendentes. Estas actividades deberán ser entregadas ó profesor correspondente na data estipulada polo mesmo, quen llas devolverá corrixidas con tempo dabondo para resolver as posibles dúbidas do alumno/a.

22. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

O material para este curso é :

- New English in Use. Student's Book3 ESO + Workbook.
- eBook
- Free Digital Material: cross-platform application (iOS, Android, Windows, MacOSX)
- Teacher's Book
- Workbook & Grammar Book (Smart Time 3 – teacher)
- Class audio CD
- IWB Software
- Teacher's Resource Pack & Tests CD-Rom

O profesorado usará todos aqueles materiais que estime oportunos para ampliación ou mellora dos coñecementos dos alumnos mediante fotocopias ,páxinas web ou outros medios.

Os recursos materiais do centro (ordenadores, pantalla dixital, DVDs, etc,) estarán tamén dispoñibles para ó alumnado cando o precisen.

23. ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e os materiais didácticos	Hay coherencia entre o programado e o desenrolo das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	Adecúase o desenrolo da clase coas características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativos.		
	Considérase a interdiscipliniedade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenrolo das capacidades do alumno/a.		
	A metodoloxía inclúe o traballo de competencias e intelixencias múltiples.		
Regularización da práctica docente	Grado de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para os aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están consensuados entre os profesores.		
Avaliación dos aprendizaxes e información que se lles da de aos alumnos e as familias	Os estándares de aprendizaxe avaliábeles encóntranse vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables do aprendizaxe.		
	Os criterios de calificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de calificación déronse a coñecer: - Aos alumnos.		

	- As familias.		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.		

24. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica e a práctica docente

Esta programación didáctica estará suxeita a un proceso permanente de revisión e avaliación tendo en conta no desenvolvemento do curso a súa eficacia para conseguir os obxectivos propostos. As observacións que realicen as profesoras do departamento, xunto coas achegas do alumnado e outros membros da comunidade educativa serán a base dunha revisión xeral ao finalizar o curso.

Dado que a programación didáctica debe ser aprobada a comezo do curso, as súas modificacións por escrito realizaranse anualmente antes do comezo das actividades lectivas. Con todo, o seguimento da programación será levado a cabo unha vez ao mes nunha reunión do departamento. Se durante o curso hai circunstancias que aconsellen modificacións puntuais desta programación didáctica, o departamento realizaraas informando adecuadamente o alumnado.

Tamén avaliaremos o proceso de ensino e nosa práctica docente ao longo do curso ao igual que o ano anterior. O mecanismo para a avaliación da programación didáctica, o proceso de ensino e a práctica docente ten como ferramentas as que describimos a continuación.

24.1 INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

Indicadores de Logro	Valoración	Propostas de Mellora
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.		
2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.		
3. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.		
4. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.		
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.		
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.		
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.		
8. Adecuada temporalización das unidades didácticas		
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.		
10. Valorouse realmente á observación do traballo na aula.		
11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.		
12. Validez dos recursos empregados		
13. Validez das estratexias metodolóxicas seleccionadas.		

24.2 INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro	A destacar	A mellorar	Propostas de mellora persoal
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.			
3. Realiza a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel dos alumnos.			
4. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.			
5. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.			
6. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
7. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
8. Combínase o traballo individual e en grupo.			
9. Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
10. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
11. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.			
12. Revisa os traballos propostos na aula e fora dela.			
13. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.			
14. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.			
15. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.			
16. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.			
17. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.			
18. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.			
19. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...			

24.3 INDICADORES DE LOGRO DA PROGRAMACIÓN

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.		
2. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.		
3. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.		
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.		
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.		
6. Adecuación do libro de texto .		
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.		
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.		
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.		
10. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.		
11. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.		
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.		
13. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.		
14. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.		
15. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.		
16. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.		
17. Contribución desde a materia ao plan lector do centro.		
18. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.		